

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte Resolución:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gerardo Zugasti Enrique

VICEPRESIDENTE

D. José Juan Barreiro Prado

VOCALIS

D. Fernando Sáenz de Miera y Cuesta

D. Luís M^a Muíños Vidueira

VOCALIS REPRESENTANTES DA COMUNIDADE VERBAL DE MEIRA-CUNTIS.

D. Manuel Caeiro Gamallo.

D. José Ferrín Pego.

SECRETARIA

Dona M^a José Echevarría Moreno.

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día once de febreiro de mil novecentos noventa e dous, coa asistencia dos señores ó marxe reseñados reúnese o = Xurado Provincial de Clasifica==ción de Montes Veciñais ó obxecto de ~~decidir sobre a~~ clasificación dos montes " ARRAN ", " MONTE DA RAPOSA ", " MONTE DE CAEIRO ", " MONTE DAS BRAÑAS ", e " MONTE DO CAEIRO " , sitos no lugar de Meira, parroquia e concello de Cuntis.

Con data 17 de abril de 1989 o Xu rado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra acordou inicia-lo expediente de clasificación dos Montes Veciñais do lugar de Meira, pertencente a parroquia de Cuntis, previa solicitude dos veciños de dito lugar.

Do examen do expediente resulta o cumprimento dos requisi tos establecidos na normativa vixente, realizandose as notificacións ós posibles interesados naquel, entre os que figuran o Concello de Cuntis, sen que se formulase oposicion a clasificación dos Montes reseñados. De igual xeito practicouse as correspondentes anotacions preventivas no Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, e asemade publicáronse editos no Boletín Oficial da Provincia dando conta da iniciación do expediente.

Os Montes á Clasificación dos cales se pretende son cinco parcelas denominadas Arran, Monte da Raposa, Monte de Caeiro, Monte das Brañas, e Monte do Caeiro. Trátase de parcelas de monte



procedentes da desmembración dun todo comunal que viña sendo aproveitado como tal desde tempos inmemoriais, e que por diversas causas que se descoñecen foi obxecto de parcelacións e apropiacións por veciños do lugar, e incluso vendido a terceiras persoas, polo que os Montes cuia clasificación se ensta son os restos ou residuos daquela propiedade comunal antes sinalada.

No estado actual encontráanse nun estado de abandono con bastante maleza e toxal, constituindo a maioría superficies de monte raso con algunhas especies arboreas de escasa densidade. Na actualidade son obxecto de pastoreo debido a escasez de gando existente no lugar a que aqueles pertencen.

Por D. Manuel Caeiro Gamallo, Presidente da Xunta Xestora dos Montes remítese escrito ó Xurado Provincial solicitando a modificación dos lindeiros dos Montes de Arran e da Raposa, respecto dos lindeiros norte e oeste para o primeiro, e do lindeiro Sur para o segundo.

Por o ponente efectuouse unha visita ós citados montes na última semana de xaneiro para comprobar o estado dos mesmos, así como a descrición no apartado referente ós lindeiros daqueles. Da citada visita puido comprobarse que comprende a modificación dos lindeiros de acordo coa proposta feita por D. Manuel Caeiro dado que dita notificación axústase á realidade. Existe no monte de Arran varias edificacións, sendo unha delas utilizada como garaxe municipal, sendo a destacar que no citado monte existe unha pista ou carretera de acceso construída polo concello de Cuntis para un Polígono Industrial, que non está claramente definido a superficie que abarca, e que é lindante co monte reseñado.

Da visita efectuada, do examen do expediente, así como do informe emitido polo Servicio de Montes e Industrias Forestais, e as investigacións realizadas no lugar onde radican os montes, vista a Lei de Montes Veciñais en Man Común, e a Lei de Procedemento Administrativo e concordantes este Xurado Provincial acorda a clasificación como veciñais en man común das parcelas que a



continuación se describen por reunir as condicións exixidas no artigo 1º da Lei de Montes Veciñais en Man Común dado que os Montes do lugar de Meira pertencen desde tempo inmemorial ós veciños e viron aproveitándose consuetudinariamente por eles en réximen de comunidade sen asignación de cuotas.

Nome do monte: ARRAN

Cabida: 5,5 Has. aprox.

Límites:

Norte: Terreos da fábrica CEDONOSA e con terreos da fábrica VELAS CAMPOS.

Leste: Con terreos da fábrica CEDONOSA, VELAS CAMPOS, e a CN-640.

Sur: CN-640 que o limita cos terreos da industria CELGA, (antes ILGA).

Oeste: Regadío Presa da Regueira e Monte da Coba.

Nome do monte: MONTE DA RAPOSA.

Cabida: 1,5 Has. aprox.

Límites:

Norte: Camiño que separa do muro de peche dunha finca de Eusebio Guimarey.

Leste: Pista asfaltada que lle separa do muro de peche de fincas en sitio denominado Barreiro.

Sur: Fincas particulares.

Oeste: Muro que o separa de propiedades coñecidas como Agrodante.

Nome do monte: MONTE DE CAEIRO.

Cabida: 1,23 Has. aprox.

Límites:

Norte: Pista asfaltada e muro que lle separa de propiedades.

Leste: Muro que lle separa de fincas de Andres Escaríz,



Eusebio Guimarey, Andres Graña, e outros.

Sur: Idem.

Oeste: Pista asfaltada e propiedades e construcións de Julio Fojo, José Folgar, Ramiro Ruibal e outro.

Nome do monte: MONTE DAS BRAÑAS.

Cabida: 0,73 Has. aprox.

Límites:

Norte: CN-640 e propiedades das que lle separa un muro, con excepción dunha finca na que hai unha edificación.

Leste: Muro que o separa de propiedades.

Sur: Peché da finca de José M. Raindo, herbales e muro que o separa de propiedades de Manuel Guimarey, Dolores García e outros.

Nome do monte: MONTE DO CAEIRO.

Cabida: 0,17 Has. aprox.

Límites:

Norte: Cunha zanza que o separa da finca propiedade de don José Rubira Campos.

Oeste: Muro que o separa de propiedade de Mercedes Monteso.

Sur: Muro de pedra que o separa de propiedades de Andres Escaríz, Manuel Reboredo e outros.

Leste: Pista asfaltada.

A presente Resolución pode ser impugnada ante a Xurisdicción Contencioso-Administrativa, previo Recurso de Reposición que haberá de interporse ante este Xurado Provincial no prazo DUN MES desde a recepción da presente, de conformidade co previxto no artigo 58 da Lei Reguladora. Transcurrido o indicado



prazo sin haber interposto dito Recurso, esta Resolución será firme a todo-los efectos reglamentarios.

O que se notifica para o seu coñecemento i efectos.


A SECRETARIA DO XURADO,

Vº Bº,

O PRESIDENTE DO XURADO,



P. Echevarría



ESCALA 1/10.000